

**ACTA ASEMBLEA SPG A GAVELA.  
MAIO do 2021.**

09/05/21. 11-13H

**Lugar:** O FEITIZAL. DOMAO

**Asisten:** Candido, Cris, Lukas, Hector, Tomas (o Feitizal), Meis e Noe (a Horta de Maida), Anxeles, Javier, Eduardo, Xaquín e Antia

**Orde do dia:**

1. Leitura e aprobacion da Acta anterior.
2. Comision de Comunicación
  - 2.1 Revision das mudanzas na nova paxina web. Proximos pasos.
  - 2.2 Formularios de alta dos proxectos.
  - 2.3 Video para Foampas
3. Comision de Verificacion
  - 3.1 Organización das visitas ano 2021.
  4. Visibilidade / uso do sello
  5. Contas
  6. Data e lugar seguinte Asamblea

1. ...

2.

2.1 Candido comentanos os trabalhos que realizou para dar forma a nova web do Spg:  
<https://agavelasp.org/>

Debatease a necesidade de incorporar a esta, as fichas informativas de cada proxecto, acordando o envio desta informacion por cada un dxs integrantes, no prazo maximo aproximado dun mes.

2.2 Para que esta informacion tenha certa uniformidade e coherencia, Candido elaborou un modelo de ficha cos puntos a seguir, que remitiu a lista de correo.

Antia, comenta a posibilidade de mudar a sua participacion de “productora” a “entidade colaboradora” para dar cabida asi a cooperativa na que participa, dentro no Spg.

2.3 Mostrase interese por participar no video de Foampas, e acordase concretar unha reunion do spg cxs realizadorxs para comentar os detalhes da proposta. Queda pendente fixala data desta xuntanza.

**3.**

3.1 As datas propostas para as visitas intergrupais neste ano quedan fixadas para o mes de Setembro:

05/09 MORRAZO visita VIGO-VAL MINHOR  
12/09 VIGO-VAL MINH visita REDONDELA  
19/09 REDONDELA visita MORRAZO.

Solicitase enviar as folhas de visitas cubertas, a lista de correo, antes da realizacion das visitas.

Dase por realizada por este ano a visita ao Feitizal, quedando aprobada a sua incorporacion ao Spg, faltando so o envio da Folha de visita cuberta.

**4.** Principalmente afloran dous temas na conversa: Presencia nas redes sociais e renovacion da imaxe grafica do Spg.

Tomas ofrecece para xestionar unha conta do Spg en Instagran, onde se daria visibilidade o grupo e serviria de complemento i enlace a informacion ofrecida na web.

Para darrle contido, solicita o envio a lista de correo ou ao seu mail ou wasap, de fotografias “visualmente aceptables” por parte dxs produtorxs, dos seus respectivos proxectos, complementadas cunha pequena informacion.

En canto a renovacion do logo e outras aplicaciones graficas, acordase traer a proxima asamblea, propostas e orzamentos dxs desenhadorxs que alguns de nos manifestamos conhecer, para sometelos a valoracion do grupo.

As decisions sobre a reedicion do material grafico (folhetos, adhesivos, selos,...) seran abordadas unha vez resolto o anterior punto.

**5.** Anxeles continua sendo a encargada das contas e achega a lista de correo o documento co seu detalhe.

Acordase realizar o pago da cuota (10€) correspondente a este ano na proxima asamblea.

**6.** Acordase fixar a data da proxima xuntanza para o Domingo 17 de Outubro.